



B - 15

Daniel tiña unha gran capacidade para bailar, so que tiña medo a que se burlaran del. Un día díxolle a súa nai que quería actuar bailando, para ensinarlle o pobo que había nenos que tamén bailaban e nenos que xogaban ó fútbol. Por iso, decidiu apuntarse a clases de baile, para lograr actuar.

Na súa primeira clase, tiña medo a que o menos prezaran, pero a sorpresa foi para el. As nenos que había na clase quedaron abraiadas cando viron que Daniel chegaba perfectamente a "abrirse de pernas", cousa que case ningunha podía facer. No colexio, todos os nenos/as se enteraban do que podía facer e pedíronlle que fixera o grand écar (o espayat). El, coma levaba uns pantalóns de tela, negouse polo risco de que romperan.

Nos seguintes dos meses estiveron ensaiando un baile nas clases, xa que a actuación sería nunha semana! O día chegou e Daniel estaba nervioso por se lle saía algo mal. As súas compañeiras o tranquilizaron e saíron o escenario. Actuaron sen ningún medo e o baile foi uns dos mellores da escola. A xente pensaba que por ser chico ía bailar mal ou algo por o estilo, pero Dani deu-lles unha lección de realidade.

Por isto, é importante que os nenos/as se fagan visibles na cultura do seu pobo, porque se Dani non tivera actuado, a xente ía seguir pensando que, por ser neno, non podería bailar ben.